

CONCURSO DE RECEITAS



1. OBXECTO

Este concurso pretende converter a preparación das receitas nunha oportunidade para reflexionar sobre como compartir e repartir de forma xusta e equilibrada as tarefas do fogar e para fomentar que todas as persoas da familia, con independencia da idade ou do sexo, participen na planificación, na preparación e na organización das tarefas relacionadas coa alimentación.

2. DATA, LUGAR E DESENVOLVEMENTO

O concurso celebrarase o sábado 5 de setembro na área recreativa de Chaián durante a xornada “Trazo para compartir”, que se desenvolverá en horario das 16,00 ás 19,00 h.

- As familias participantes presentarán o seu prato antes das 17,00 h e cubrirán unha ficha que se lle facilitará nese momento.
- O xurado degustará os pratos para realizar a súa valoración conforme aos criterios establecidos nestas bases e nomeará os pratos premiados.
- Entrega dos premios e dos agasallos ás familias participantes.

3. INSCRICIÓNS

Poderán participar no concurso as familias previamente inscritas a través do formulario <https://forms.gle/KW7Xz7mNSxyFhH7t9> ou presencialmente no concello.

A participación no concurso será voluntaria e gratuíta.

4. PRATO

Cada familia presentará un único prato elaborado na casa.

O prato deberá:

- Ser saudable.
- Estar elaborado previamente á celebración do concurso.
- Presentarse nun formato que facilite a súa degustación entre as persoas asistentes.
- Estar listo para servir.

A elaboración da receita realizarase de maneira compartida, coa implicación de varias persoas da unidade familiar segundo as posibilidades de cada fogar (nais, pais, fillos e fillas, avós e avoas ou outras persoas conviventes).

O concurso non pretende valorar as habilidades culinarias das familias, senón **dar visibilidade á asunción compartida e igualitaria das tarefas** relacionadas coa alimentación e destacar a importancia de que todas as persoas participen na planificación, na preparación e na presentación das receitas.

O día da xornada “Trazo para compartir” entregarase a cada familia participante unha ficha para cubrir e colocar xunto ao seu prato onde se indicarán, entre outros, os seguintes datos:

- Nome da receita.
- Ingredientes principais.
- Persoas que participaron na súa elaboración (por exemplo: nai, pai, avoa, avó, filla, fillo, tía, tío...).

5. XURADO

O xurado do concurso, designado ao efecto, actuará de forma colexiada na adopción das decisións por maioría, de acordo cos criterios de valoración.

As persoas que compoñen o xurado actuarán de conformidade cos principios de imparcialidade, independencia e obxectividade e non poderán intervir na elaboración das propostas presentadas.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración basearanse nos seguintes aspectos:

- O traballo compartido que hai detrás da receita.
- O carácter saudable do prato.
- A creatividade na presentación.
- O sabor.

7. PREMIOS

- **Primeiro premio:** lote composto por un libro de receitas para cociñar en familia, un set de utensilios de cociña, unha aceiteira e unha táboa de cortar.
- **Segundo premio:** lote composto por un libro de receitas para cociñar en familia, un set de utensilios de cociña e unha aceiteira.
- **Terceiro premio:** lote composto por un libro de receitas para cociñar en familia e un set de utensilios de cociña.

Ademais, **todas as familias participantes recibirán un agasallo simbólico** como agradecemento pola súa participación e polo seu compromiso cos valores da corresponsabilidade e da igualdade.

8. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso implica a aceptación íntegra destas bases e de todas aquelas condicións que poidan establecerse.